


Neste tipo de páxina web poderemos crear unha táboa cunha serie de celas independentes (as celas poden combinarse) susceptibles de incluír diversos tipos de contido inicial e asociar diversas accións a estas cando o usuario fai clic sobre elas:



Unha vez iniciemos a edición, na pestana "Contido" temos:

## Pestana "Contido".



Nos campos "Columnas" e "Filas" (1) indicaremos o número de celas que terá a nosa páxina (posteriormente poderemos unir dous ou máis celas se queremos). Cambiando estes valores irá variando a representación en miniatura da táboa que se mostra na figura (2).

Nos campos "ancho" e "alto" (3) podemos especificar unhas dimensións fixas para as celas se marcamos os botóns da parte inferior e manipulamos os valores de cada campo; se marcamos os botóns da parte superior (100%) faremos que a dimensión correspondente de cada cela aumente ou diminúa ata que o conxunto ocupe a totalidade da área visible da páxina.

Co botón da carpeta (4) temos opción a abrir un navegador de arquivos e inserir unha imaxe de fondo para a nosa páxina web. Se en vez da imaxe queremos que o fondo sexa de cor, usaremos o botón (5). Coas listas despregables (6) e (7) controlarase a posición do devandito fondo e a repetición/dirección da repetición de este, respectivamente.

Cos botóns (8) faremos que as celas teñan ou non as esquinas redondeadas e no campo (9) o radio da curva das esquinas; ou sexa o grao de "redondez" destas no caso de que elixiramos a opción de esquinas redondeadas.

Cos botóns (10) podemos elixir se as celas non terán sombra ningunha, se esta será interior ou exterior respectivamente. Marcando a casa (11), se previamente non marcamos os botóns do 100% para dimensionar as celas, centraremos a táboa na páxina.

Co botón "Selección" (12) elixiremos a cor que presentará o bordo da cela cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba desta, sempre que na pestana "Contido inicial" (a 1ª que aparece cando facemos dobre clic sobre un cela para editala) marcamos para esa cela a casa da parte inferior esquerda desta:




Cos controis da fila (13) temos opción, de esquerda a dereita, a indicar o grosor das liñas que forman as celas, coa lista despregable central o tipo de liña (se vai ser continua discontinua máis grosa/fina, etc.) e co botón da dereita a súa cor.

Co campo (14) podemos controlar a separación entre celas (horizontal e vertical). Coidado co valor deste campo pois se poñemos un valor moi alto, no caso da separación vertical entre celas aparecerá unha barra de desprazamento para que o usuario teña acceso ás celas que queden na parte inferior da páxina, pero no caso da separación horizontal vai diminuír o ancho das celas de forma proporcional independentemente do valor que o puxeramos no campo (3).

Finalmente co botón (15) elixiremos o tipo de letra que presentarán os textos que aparezan nas celas no caso de que decidiramos incluír textos nestas na pantalla correspondente (dobre clic na cela e o texto haberá que incluílo nos campos da parte superior das pestanas "Contido inicial" e "Clic").

Unha vez configuradas as características xerais da táboa, pasaremos a traballar os contidos e comportamentos das celas individuais. Facendo dobre clic nunha das celas da táboa (2) aparece a seguinte ventá:

Pestana "Contido inicial".








Coa lista despregable e o campo (1) teremos a opción de unir celas adxacentes se queremos. Por defecto Ardora presentará en "Inicio" a cela na que se fixo dobre clic e en "Fin" a mesma cela. Se queremos unir celas contiguas, abonda con usar a lista despregable e o campo adxacente para indicar a cela final e Ardora fusionará todas as celas que haxa entre a inicial e a final.

No campo "Texto" (2) poderemos escribir un breve texto que aparecerá na cela; o tipo de fonte será que se elixira na pestana "Contido" e aquí poderemos indicar o tamaño (3) e a cor (4) deste, así como se queremos que o texto proxecte sombra sobre o fondo da cela se marcamos a casa (5).

Co botón (6) podemos elixir a cor da etiqueta (recadro; non confundir co fondo da cela) que conterá o texto e no campo (7) a súa transparencia. Cos botóns (8) podemos facer que o texto estea xustificadado, aliñado á esquerda, etc. e cos botóns (10) o tipo de situación vertical dentro da cela (arriba, centrado ou abaixo). O campo (9) é por se queremos xirar a etiqueta que contén o texto os graos que se indiquen no sentido das agullas do reloxo.

Se deixamos marcadas as casas (11) a cela terá bordos, se queremos eliminar algún deles abondará con desmarcar a casa correspondente. En "Contido da cela" elixiremos qué tipo de contido

presentará a cela de inicio cando se abra a páxina: un son, unha actividade, unha imaxe... Dependendo do tipo que marquemos na parte dereita aparecerán os elementos axeitados para poder inserilo e configuralo: no exemplo que pode verse na imaxe adxunta a este documento, se incluíu unha imaxe e os controis (15-16-17-18-19) serven para axustar as súas características (o seu tamaño, centrala, etc.) similar a outro tipo de actividades ou multimedia Ardora:

URL	
Son	
Embed	
Arquivo	
Imaxe	

Vídeo	<div data-bbox="431 233 1344 531"> <p>Tamaño</p> <p>800 x 600</p> <p>Archivo de vídeo</p> <p>mp4</p> <p>ogv</p> </div>
Carpeta	<div data-bbox="431 575 1344 695"> <p>Carpeta</p> </div>

As únicas diferenzas son que se escollemos a opción "Embed", aparecerá a casa "Autoaxustar" para que ao marcala o contido incrustado se adapte ao tamaño da cela e esta non se expanda. Aparece tamén a opción "En branco" por se non queremos presentar nada de inicio. Finalmente na opción "Imaxe", ademais das xa coñecidas listas despregables onde se controla a posición da imaxe e a repetición/dirección da súa repetición, aparece unha terceira lista coas opcións "auto", "cover" e "contain":


"Contain" serve para que a imaxe se faga máis pequena ata se axustar ás dimensións da cela para que poida encaixar na súa totalidade dentro desta (a dimensión maior) ou se expanda ata que o ancho ou o alto cheguen aos bordos da cela. "Auto" é para presentar a imaxe coas súas dimensións orixinais, cubra ou non o espazo da cela. "Cover" sería para que cubra todo o fondo da cela, axustando o tamaño á dimensión menor aínda que parte da imaxe quede oculta.

Marcando a casa (20) podemos facer que pase algo cando o usuario sitúa o punteiro do rato enriba desta; como que o contido da cela quede oculto (co botón (21) elixiremos a cor da "tapa" e cos botóns (22) se a cor será sólido ou o tipo de degradado) ou que o seu bordo cambie á cor que escolleramos no botón "Selección" da pestana "1-Contido" como xa se explicou anteriormente.

### Pestana "Clic"

Nesta pestana decidiremos que vai pasar cando o usuario faga clic sobre a cela que estamos a editar. A maioría das opcións son exactamente as mesmas que para a pestana "Contido inicial", polo

que non imos repetir outra vez o xa explicado e faremos fincapé só naqueles ítems novos:



Marcando a casa (1) coas frechas verdes á súa dereita, ao facer clic sobre unha cela mostrarase nesta o texto e/ou a imaxe (2) que incluíramos nesta pestana pero ao volver facer clic sobre ela volverase mostrar o contido da pestana "Contido inicial" e así sucesivamente. Se está desmarcada non haberá forma de que que a cela mostre o contido inicial salvo que recarguemos a páxina.

Nos campos (3) poderemos importar un arquivo de son que se reproducirá ao facer clic na cela. No recadro "Destino" (4) elixiremos se o recurso escollido en "Ao facer clic abrir..." abrirase nunha nova ventá/pestana, nunha ventá emerxente ou na mesma páxina substituíndo a táboa.

No caso de que escollamos a opción "Arquivo imaxe", non confundir coa imaxe do campo (2) que será a que apareza na cela correspondente, senón que esta imaxe do campo (5) se presentará soa nunha ventá do navegador.